



ACTIVIDADES UD 6: Hidrosfera e contaminación das augas

1. Que é a hidrosfera? Como se formou?
2. As augas continentais coñécense como auga doce, isto significa que non teñen sales? Indica algunha excepción.
3. Completa o seguinte texto sobre a distribución da auga na hidrosfera:
Na actualidade, a distribución da auga na Terra é moi xa que os conteñen o% da auga da Terra, mentres que só o 3% restante é auga Dese 3% de auga doce, o 79% aparece en forma de e principalmente nos glaciares e nos casquetes; o 20% son augas formando os; e o 1% restante correspóndese coa auga doce que se atopa nos, solo, atmosfera, e nos seres vivos.
4. Indica os procesos do ciclo da auga e a continuación descríbeos brevemente.



5. Interpreta a imaxe e responde.



- a) Cal é o efecto que produce o vertido de augaresidual no receptor?
- b) Que proceso ten lugar augas abaixo e cómo inflúe na cantidade de osíxeno disolvido?
- c) Indica posibles contaminantes procedentes dun vertido doméstico.
- d) Define DBO.
- e) Que condicións deben aparecer para considerar que o proceso está completado?

6. A imaxe mostra os decantadores primarios dunha depuradora, contesta:

- a) En que consiste o tratamento dunha EDAR?
- b) Como consecuencia da depuración de augas residuais se producen lodos e gas. En qué fases se producen e para que poden utilizarse?
- c) Que vantaxes aporta o tratamento terciario?



7. Cita dúas diferenzas entre una EDAR e una ETAP.

8. En relación a eutrofización, responde:

- a) Cales son as causas que a orixinan?
- b) Que medidas poden adoptarse para minimizar e corrixir dito proceso?

9. Responde brevemente:

- a) A sanilización de acuíferos se produce en:
- b) A contaminación de acuíferos por vertedoiros débese a:
- c) As mareas negras producen a morte de aves por:

10. Subliña a resposta correcta:

- a) A DBO mide a: contaminación orgánica / contaminación inorgánica.
- b) O aumento da temperatura da auga: aumenta o osíxeno disolvido / diminúe o osíxeno disolvido.
- b) Son bioindicadores da auga: larvas de insectos / larvas de pescados.
- c) A biorremediación é una medida: preventiva / correctora
- d) O auga para consumo humano debe: depurarse / potabilizarse.

11. Contesta as cuestións expostas ó final do texto:

“O 13 de novembro de 2002, o petroleiro Prestige, emitiu unha chamada de socorro a 37 millas da costa de Fisterra. Comezaba a máis grande catástrofe ecolóxica das coñecidas ata o momento en España. O buque tanque Prestige chegou a unha situación crítica, favorecida polo forte temporal, o abrirse unha vía de auga no seu casco pola que iniciou un vertido continuo de fuel oil que transportaba. Acabou partíndose en dous poucos días despois e afundiuse a 250 Km das costas galegas a unha profundidade de 3600 m. O vertido estendeuse nos primeiros días a 200 Km, posteriormente a 400 Km e a acción dos ventos dominantes o transportaron cara as costas orientais asturianas, litoral cantábrico, e costa vasca e francesa, afectando a uns 1200 Km de costa. Dende os primeiros días puxéronse en marcha medios humanos, técnicos e económicos para paliar as consecuencias do accidente.”

Ambienta e anuario 2003.
Fungesma

- a) Di que é unha marea negra e nomea os efectos que pode provocar.
- b) Nomea 3 métodos para combater as mareas negras.
- c) Que outro tipo de contaminación pode afectar o mar? Indica algunhas das súas consecuencias.
- d) Que é a biorremediación?